

período de tempo de servizo e manter, pola súa vez, a seguridade da vida humana no mar, procede que estas embarcacións poidan ser substituídas por outras unidades pesqueiras máis modernas, seguras e fiables, como demandan os actuais plans de modernización da frota pesqueira española e sempre que continúen na mesma propiedade e coas mesmas características.

Por iso, resulta necesario establecer as normas aplicables á renovación das embarcacións de menos de 2,5 TRB, de acordo cos principios xerais da política de ordenación do sector pesqueiro, establecidos no título II da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as asociacións representativas do sector pesqueiro.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de outubro de 2004,

DISPÓN O:

Artigo 1. *Requisitos e condicións da substitución de embarcacións.*

1. Os pescadores profesionais que sexan propietarios de embarcacións que se construíron ao abeiro do punto 2.4 da Orde ministerial do 20 de novembro de 1979, de construción, reparación, instalación de motores e cambios de listas, de embarcacións de menos de 20 TRB, dedicadas á pesca de artes menores, non suxeitas a regulamentación específica, sempre que esta circunstancia se encontre anotada na folla de asento do Rexistro de matrícula de buques e das empresas marítimas, poderanas substituír por outras de nova construción desmantelando as anteriores.

2. Exixirase o cumprimento das seguintes condicións en relación coa substitución regulada neste real decreto:

a) As embarcacións que se constrúan terán como máximo as mesmas características de arqueo bruto (GT) e potencia propulsora que a que se pretende substituír.

b) As novas unidades dedicaranse á pesca con artes menores.

c) As novas embarcacións teñen que ser explotadas só e exclusivamente polo propietario da unidade que se substituirá, salvo o previsto no artigo 2.

d) Os armadores solicitantes non poderán ser, pola súa vez, propietarios de ningunha outra embarcación dedicada á pesca.

e) A nova embarcación non xerará dereitos de achega de baixa, nin poderá percibir primas pola súa retirada da actividade pesqueira.

Artigo 2. *Obrigas do titular da embarcación.*

Na solicitude de construción da nova embarcación deberá figurar o compromiso do seu titular de non alleala ou, se é o caso, de realizar unha soa transmisión *inter vivos* entre familiares de primeiro grao que continúen no exercicio da actividade pesqueira e que non sexan titulares doutra embarcación. Esta condición anótase, en cada caso, na folla de asento do Rexistro oficial de matrícula de buques e no Censo da frota pesqueira operativa.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.19. da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases de ordenación do sector pesqueiro.

Disposición derradeira segunda. *Normativa aplicable.*

En todo o non previsto neste real decreto, serán de aplicación as normas establecidas no capítulo I do Real decreto 1048/2003, do 1 de agosto, de ordenación do sector pesqueiro e axudas estruturais.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de outubro de 2004.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca
e Alimentación,
ELENA ESPINOSA MANGANA

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

17933 *ORDE PRE/3360/2004, do 14 de outubro, pola que se regula a información complementaria da etiquetaxe dos produtos alimenticios conxelados que se presenten sen envasar e se establece o método de análise para a determinación da masa de glaseado. («BOE» 252, do 19-10-2004.)*

A Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, reconece, no artigo 2, como dereitos básicos dos consumidores e usuarios, entre outros, a protección dos seus lexítimos intereses económicos e a información correcta sobre os diferentes produtos.

O artigo 14 da Directiva 2000/13/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de marzo de 2000, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros en materia de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, permítelles aos Estados membros establecer regras detalladas segundo as cales se mencionarán as indicacións previstas no artigo 3 e no número 2 do artigo 4 nos produtos alimenticios que se presenten sen envasar para a venda ao consumidor final e ás colectividade ou nos produtos alimenticios envasados nos lugares de venda a pedimento do consumidor ou preenvasados para a súa venda inmediata.

A norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, aprobada polo Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, establece no artigo 15 as indicacións que teñen que formar parte da etiquetaxe dos produtos sen envasar, facendo na alínea f) unha referencia a que a denominación irá acompañada daqueles requisitos establecidos no artigo 5, que se dispoñan para esta modalidade de venda nas disposicións específicas correspondentes.

Por outra parte, a norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios prevé no artigo 10, número 6, que na etiquetaxe dos produtos alimenticios sólidos que se presenten nun líquido de cobertura, se indique tamén a masa neta escorrida.

Así mesmo, no artigo 10, identifícase como líquido de cobertura, para os efectos de informar nos produtos alimenticios do peso escorrido, a auga en estado conxelado. De conformidade con esta definición, considérase que a auga de glaseado nos produtos alimenticios conxelados, que pode ser considerada como a utilizada para recubrir certos alimentos a fin de preservalos da oxidación e da

deshidratación, é unicamente un líquido accesorio respecto aos elementos esenciais do preparado e, en consecuencia, non resulta, polo tanto, determinante para a compra. Non obstante, o coñecemento por parte do comprador dunha presenza máis ou menos abundante de masa de glaseado nun produto, vai determinar sen lugar a dúbidas a elección e o prezo que está disposto a pagar.

Noutra orde de cousas, o Real decreto 3423/2000, do 15 de decembro, polo que se regula a indicación dos prezos ofrecidos aos consumidores e usuarios, obriga a informar do prezo de venda do produto e do prezo por unidade de medida. Atendendo á definición que na propia norma se recolle respecto ao que se entende por prezo de venda, no caso dos produtos conxelados, estaríase considerando o prezo que debe aboar o consumidor polo alimento xunto coa auga de glaseado.

O artigo 4 do mencionado Real decreto 3423/2000, do 15 de decembro, establece que nos casos en que as disposicións requiran a indicación do peso neto e do peso neto escorrido de determinados produtos envasados previamente, abondará coa indicación do prezo por unidade de medida do peso neto escorrido. Este requisito non é exixible no caso dos produtos alimenticios conxelados vendidos sen envasar, polo que o comprador non dispón, no momento da compra, de medios suficientes para coñecer, comprobar e comparar a relación existente entre o prezo final de venda e o prezo que realmente está aboando pola cantidade efectiva de produto que adquire (peso neto escorrido), dado que no peso se inclúe tanto o do produto alimenticio como o da auga de glaseado.

De acordo con todas as circunstancias que concorren nesta forma particular de venda, faise preciso que o consumidor reciba no lugar de venda, ao mesmo tempo que o dato sobre o prezo por quilogramo de peso neto do produto, a información correspondente tanto ao prezo por quilogramo de peso neto escorrido, como á porcentaxe do glaseado do produto, salvo a excepción prevista para os produtos cunha porcentaxe de glaseado inferior ao 5 por cento, cifra similar á que se establece para estes efectos noutras normas europeas e á que se cualifica como erro máximo por defecto tolerado para cantidades nominais de 51 a 100 gramos, na norma xeral para o control do contido efectivo dos produtos alimenticios envasados, aprobado polo Real decreto 723/1988, do 24 de xuño.

Tendo en conta todo o anterior, co obxecto de evitar que se orixine algunha das situacións fraudulentas recollidas no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, faise necesario regular, con carácter básico, mediante unha orde ministerial, a obriga de informar sobre o prezo por quilogramo de peso neto escorrido e, salvo unha excepción moi precisa, sobre a porcentaxe de glaseado dos produtos alimenticios conxelados que se expoñan á venda non envasados, completando con iso as indicacións previstas, inicialmente, no artigo 15 da norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, así como, se é o caso, nas normativas de carácter específico.

Ademais, apróbase o método para achar a masa do glaseado dos produtos alimenticios distintos da pesca e acuicultura, que se inclúe no anexo desta orde. Este método é similar ao vixente na actualidade para os produtos pesqueiros recollido no anexo 7 da Regulamentación técnico-sanitaria dos establecementos e produtos da pesca e da acuicultura con destino ao consumo humano, aprobada polo Real decreto 1521/1984, do 1 de agosto.

Esta orde ten carácter básico, e dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1, regra 13., da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de «Bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica».

Na súa tramitación foi sometida á consulta das comunidades autónomas e déuselle audiencia ao Consello de Consumidores e Usuarios e aos sectores afectados, e emitiu o seu informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Esta disposición foi sometida ao procedemento de información previsto no artigo 19 da Directiva 2000/13/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 20 de xaneiro de 2000, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros en materia de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios. Tamén foi sometida ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, previsto na Directiva do Consello 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 22 de xuño, modificada pola Directiva 98/48/CE, do 20 de xullo, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, que incorpora estas directivas ao ordenamento xurídico español.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo, dispoño:

Artigo primeiro.

A etiquetaxe dos produtos alimenticios conxelados que se presenten sen envasar para a venda ao consumidor final, deberá indicar:

- O prezo por quilogramo de peso neto.
- O prezo por quilogramo de peso neto escorrido.
- A porcentaxe de glaseado.

Nos produtos que teñan unha porcentaxe de glaseado inferior ao 5 % non será necesario indicar esta porcentaxe.

A información anterior deberá figurar rotulada en etiquetas, carteis ou táboas colocados no lugar de venda, sobre o produto ou próximos a el.

Artigo segundo.

A determinación para achar a masa do glaseado nos produtos conxelados expostos á venda sen envasar, diferentes dos regulados na Regulamentación técnico-sanitaria dos establecementos e produtos da pesca e da acuicultura con destino ao consumo humano, aprobada polo Real decreto 1521/1984, do 1 de agosto, efectuarase de conformidade co establecido no anexo desta orde.

Para a aplicación do disposto no anexo, respecto a todo tipo de alimentos, teranse en conta os seguintes criterios:

- a) O tamaño da mostra que hai que controlar será, como mínimo, dun quilogramo e manterase, ata a súa análise, nas condicións fixadas polo produtor para a súa conservación.
- b) As determinacións no marco do control oficial realizaranse nun laboratorio que cumpra os requisitos establecidos no artigo 3. do Real decreto 1397/1995, do 4 de agosto, polo que se aproban as medidas adicionais sobre o control oficial de produtos alimenticios e de acordo co disposto no artigo 16.7.b) do Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria.
- c) O ensaio realizarase con auga a unha temperatura máxima de 20 C.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde ten carácter básico, e dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1, regra 13., da Constitución, que

Ile atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de «Bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica».

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 14 outubro de 2004.

FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

Excmas. Sras. Ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo.

ANEXO

Procedemento analítico para o control da masa neta en produtos conxelados glaseados

Retirar o produto do almacén ou cámara onde estaba a baixa temperatura, abrir inmediatamente e colocar despois de pesado o contido baixo unha abundante ducha de auga fría.

Mover ou axitar coidadosamente para que o produto non rompa.

Mantelo na ducha ata que todo o xeo que se vexa ou perciba se elimine.

Trasladar o produto a un cribo circular do número 8, de 20 centímetros de diámetro para masa inferior ou igual a 900 gramos ou ben a un cribo de 30 centímetros, para masa superior a 900 gramos.

Sen mover o produto, inclinar o cribo un ángulo de 17 graos a 20 graos para facilitar a drenaxe e deixar escorrer exactamente dous minutos.

Inmediatamente trasladar o produto a un recipiente tarado (B) e pesalo nunha balanza (A).

A masa neta do produto é exactamente A—B.

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

18166 REAL DECRETO 2016/2004, do 11 de outubro, polo que se aproba a Instrución técnica complementaria MIE APQ-8 «Almacenamento de fertilizantes a base de nitrato amónico con alto contido en nitróxeno». («BOE» 256, do 23-10-2004.)

A Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, establece no punto 5 do seu artigo 12 que os regulamentos de seguridade de ámbito estatal os aprobará o Goberno da Nación, sen prexuízo de que as comunidades autónomas con competencias lexislativas sobre industria poidan introducir requisitos adicionais sobre as mesmas materias cando se trate de instalacións radicadas no seu territorio.

O Real decreto 379/2001, do 6 de abril, aprobou o Regulamento de almacenamento de produtos químicos e as súas instrucións técnicas complementarias MIE APQ-1, MIE APQ-2, MIE APQ-3, MIE APQ-4, MIE APQ-5, MIE APQ-6 e MIE APQ-7.

Co obxecto de establecer as prescricións técnicas de seguridade a que se deben axustar as instalacións de almacenamento de fertilizantes a base de nitrato amónico con alto contido en nitróxeno, elaborouse a Instrución técnica complementaria MIE APQ-8.

Este real decreto foi sometido ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, regulado no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, para os efectos de lle dar cumprimento ao disposto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, modificada pola Directiva 98/48/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xullo de 1998.

Este real decreto apróbase en exercicio das competencias que, en relación coa materia de seguridade industrial, lle viñeron atribuír expresamente á Administración xeral do Estado a totalidade dos estatutos de autonomía, conforme declarou reiteradamente a xurisprudencia constitucional recaída ao respecto (por todas elas, as sentenzas do Tribunal Constitucional 203/1992, do 26 de novembro; 243/1994, do 21 de xullo, e 175/2003, do 30 de setembro).

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de outubro de 2004,

DISPONGO:

Artigo único. *Aprobación da Instrución técnica complementaria MIE APQ-8.*

Apróbase a Instrución técnica complementaria (ITC) MIE APQ-8 «Almacenamento de fertilizantes a base de nitrato amónico con alto contido en nitróxeno», do Real decreto 379/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o Regulamento de almacenamento de produtos químicos e as súas instrucións técnicas complementarias MIE APQ-1, MIE APQ-2, MIE APQ-3, MIE APQ-4, MIE APQ-5, MIE APQ-6 e MIE APQ-7, que se insire a seguir.

Disposición transitoria primeira. *Instalacións existentes.*

Os almacenamentos de fertilizantes a base de nitrato amónico con alto contido en nitróxeno, existentes con anterioridade á data de entrada en vigor deste real decreto ou que estivesen en trámite de inscrición na citada data, adaptaranse ás prescricións da ITC MIE APQ-8 no prazo máximo de cinco anos, contados desde a data de entrada en vigor.

Para isto, no prazo de seis meses contados desde a entrada en vigor deste real decreto, presentarase, ante o órgano competente da correspondente comunidade autónoma, un proxecto en que consten as modificacións que se van realizar para adecuar as instalacións á citada ITC.

Unha vez rematadas as obras de adaptación, dentro do citado prazo de cinco anos, procederase a xustificar esta circunstancia ao órgano competente da comunidade autónoma mediante a correspondente certificación, que deberá facer constar que as obras se realizaron segundo o proxecto presentado, e/ou as variacións que, en relación con aquelas, se introducísen.

Disposición transitoria segunda. *Almacenamentos existentes que non poidan cumprir as exixencias establecidas na ITC.*

Non obstante o disposto na disposición transitoria primeira, todas as instalacións de almacenamento de fertilizantes a base de nitrato amónico con alto contido en nitróxeno existentes ou en trámite de inscrición na data de entrada en vigor deste real decreto, nas cales se demostre que non poidan cumprir algunha das prescricións establecidas na ITC, presentarán para a súa autorización un proxecto suscrito por un técnico titulado competente e visado polo correspondente colexio oficial, no